



DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense 29 de novembro de 2017

Visto o informe-proposta, de data 24 de novembro, elaborado polo titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (Decreto 2017007323 de 16/11/2017), refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de crédito feita pola Concellería de Turismo e Termalismo, mediante providencia de data 24 de novembro, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o artigo 16º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 36-X/2017, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS		
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
N130.9200.62200	Acondicionamento e mellora edificios municipais	13.500,00 €
N130.9202.62600	Plan de Informatización	21.500,00 €
TOTAL.....		35.000,00 €

ORIXE DOS FONDOS		
CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
75102	Subv. de capital Axencia de Turismo de Galicia	35.000,00 €
TOTAL.....		35.000,00 €

2.- Crear o seguinte proxecto específico de gasto:

Código: 17.2.21.03

Título: Melloras na oficina de Turismo

Importe: 40.000,00 €

Período de execución: Ata o 30 de novembro de 2017

Aplicacións orzamentarias de gasto:

N130.9200.62200	Acondicionamento e mellora edificios municipais	13.500,00 €
N130.9202.62600	Plan de Informatización	21.500,00 €
N210.4320.22621	Gastos diversos oficina turismo (RC 201700043669)	5.000,00 €

Financiación:

Subv. de capital Axencia de Turismo de Galicia (concepto de ingresos 75102): 35.000,00 €

Concello de Ourense (recursos propios): 5.000,00 € (RC núm. 201700043669)

Axente: Axencia de Turismo de Galicia (Q1500394J): 35.000,00 €

Vinculación: Cualitativa e cuantitativa

3.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior accidental, dou fe.